

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTABLECER O SISTEMA DE SEGUIMENTO DO DESEMPEÑO DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (CONSELLERÍA) formalizou coa Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional (protocolo) arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 12 de marzo de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña para establecer un panel de accións e indicadores para verificar o cumprimento das condicións da acreditación do Campus Industrial de Ferrol (CIF).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, vén amosando unha mellora da capacidade investigadora dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación como pola mellora da súa calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente

